



Proceso selectivo, convocado por resolución reitoral do 11 de maio de 2023 («DOG» núm. 102, do 31/05/2023) para o acceso á escala de xestión, subgrupo A2, pola quenda de promoción interna.

PREGUNTAS FORMULADAS POLAS PERSOAS ASPIRANTES

CONSULTA nº 1:

«Na Resolución do 11 de maio de 2023 pon: "Os/as aspirantes poderán levar e utilizar o seu propio material lexislativo, sen comentar e en soporte papel, que se considere necesario, e poderán consultar, indistintamente, o seu material ou o facilitado polo tribunal." ¿Se pode levar o material lexislativo subliñado con rotuladores "fosforitos"?».

RESPOSTA:

Non hai inconveniente en levar o material lexislativo subliñado con rotuladores "fosforitos".

CONSULTA nº 2:

«O anexo I da convocatoria establece que as dúas probas realizaranse integramente nun ordenador sen conexión á internet e, eu quería saber, se o procesador de textos que teremos instalado para facer as probas ten integrado un corrector de texto do idioma galego. No noso traballo diario na USC utilizamos as aplicacións de Office de Microsoft 365 :n Microsoft Word e ten instalado o idioma galego como idioma de corrección».

RESPOSTA:

O procesador de textos si terá corrector.

CONSULTA nº 3:

«O procesador de textos que utilizaremos nas probas terá incluído o dicionario galego ademais da opción do corrector en galego?».

RESPOSTA:

Non será posible dispoñer de dicionario xa que o mesmo esixe conexión en liña, e segundo o indicado no Anexo I ás bases reguladoras do proceso selectivo as probas «realizaranse integramente nun ordenador sen conexión á internet (...)».

CONSULTA nº 4:

«Para acceso á documentación lexislativa que a USC pon á disposición dos opositores no exame da primeira proba do segundo exercicio. A documentación estará en formato "pdf" e poderase usar a ferramenta buscar texto?».

RESPOSTA:

A normativa para a resolución do exercicio facilitarase en formato PDF e, con carácter xeral, será posible empregar a ferramenta buscar texto. Os únicos supostos nos que non sería posible o emprego da ferramenta buscar texto serían aqueles casos de normas que (no caso de que fora necesario



Proceso selectivo, convocado por resolución reitoral do 11 de maio de 2023 («DOG» núm. 102, do 31/05/2023) para o acceso á escala de xestión, subgrupo A2, pola quenda de promoción interna.

facilitalas) están dixitalizadas como imaxe (v.gr. algunha normativa interna da USC que así apareza dixitalizada como imaxe no enlace de normativa da web da USC).

CONSULTA nº 5:

«Nas bases da convocatoria indícase que poderemos levar e empregar o "noso propio material lexislativo, sen comentar e en soporte papel". A consulta é se podemos levar elaborados temas que conteñan unicamente o texto da normativa. Poño un exemplo: unha das partes que entra é a responsabilidade patrimonial das administracións públicas, que está recollida en diversas normativas. A miña intención é preparar un tema sobre responsabilidade patrimonial que recolla os artigos das diferentes normativas que se refiran a este procedemento especial. Aínda que entendo que é posible, xa que o material elaborado por min non contería nada que non estea contido nas normativas pregarialles que me respondesen esta dúbida».

RESPOSTA:

Non é posible levar o material elaborado polos propios aspirantes. O que permiten as bases é que os aspirantes leven o seu material lexislativo en soporte papel (normas en soporte papel, xa extraídas do BOE, DOG, etc., ou incluso códigos lexislativos, sempre e cando no estean comentados), pero **en ningún caso pode levarse material por eles elaborado** con independencia de que o contido deste último material se limite a reproducir o previsto nas normas.

Data: 30/01/2024

O presente documento actualízase segundo se formulen novas cuestións.

CONSULTA nº 6:

«Hai distintas normas (especialmente de xestión académica) que non dispoñen de texto consolidado, polo que me plantexei recortar e pegar nos artigos substituídos (naquelas que o espazo o permite) o texto dos artigos vixentes, evidentemente non é un tema feito nin un documento de Word refundido, é simplemente aproveitamento do espazo da norma coas modificacións lexislativas en vigor. Sería posible levar ese material así ou se considera como o que respondedes na última pregunta?».

RESPOSTA:

Aplica o mesmo criterio que na CONSULTA nº 5.

CONSULTA nº 7:

«Respecto do material que levaremos en papel, estará permitido levalo con marcadores de páxinas para axilizar a busca?».

RESPOSTA:

Si, está permitido empregar marcadores de páxinas para axilizar a busca.



Proceso selectivo, convocado por resolución reitoral do 11 de maio de 2023 («DOG» núm. 102, do 31/05/2023) para o acceso á escala de xestión, subgrupo A2, pola quenda de promoción interna.

CONSULTA nº 8:

Solicítase confirmación sobre «se os exames poden facerse na lingua castelán, e se a normativa está nos dous idiomas (galego e castelá)».

RESPOSTA:

Os exames poden facerse en galego ou castelán, a elección da persoa aspirante.

En relación ao idioma no que se facilitará a normativa, non pode garantirse que poida estar nos dous idiomas (galego e castelán), pero **en ningún caso será obxecto de penalización que na elaboración do exercicio se reproduza unha norma en idioma diferente ao empregado para a realización da proba**. Por exemplo: no caso de que a persoa aspirante estivera facendo o exercicio en idioma galego e quixera incorporar un artigo da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (na versión oficial do «BOE» non está dispoñible en galego, razón esta pola que se poría a disposición dos aspirantes o PDF da norma en castelán), non será penalizado que o artigo incorporado ao exame estea en castelán, sen que sexa preciso que o aspirante traduza o dito texto.

Data actualización: 02/02/2024.

CONSULTA nº 9:

«Podemos levar unha índice feita por nós, coa lexislación que levamos, e os artigos correspondentes?».

RESPOSTA:

É posible levar un índice no que se identifique a lexislación que leva a persoa aspirante, pero soamente un índice coa identificación das normas, non relacionando os artigos correspondentes.

CONSULTA nº 10:

«Cando pon que non podemos comentar a lei, non se refire a poñer coa nosa letra indicacións que acurten as palabras para centrarnos, como por exemplo: anticipos de caixa (poñer nós ao lado: AC)?».

RESPOSTA:

Cando na convocatoria se indica que «as persoas aspirantes poden levar o seu propio material lexislativo, sen comentar», isto inclúe que as normas que leven as persoas aspirantes en formato papel non poden conter ningún tipo de anotación.

CONSULTA nº 11:

«Podo levar un índice feito por min naquelas normas que no o teñen. Poño por exemplo o caso do Regulamento de Transformación Dixital que está publicado no DOG e que non conta con índice».

RESPOSTA:

Non é posible levar un índice feito pola persoa aspirante do contido dunha norma cando esta non dispoña do mesmo na súa publicación.

CONSULTA nº 12:

«Está permitido levar papel e bolígrafo?».

RESPOSTA:

Respecto da posibilidade de levar papel, o tribunal porá a disposicións dos aspirantes os folios que precisen. No que respecta ao bolígrafo, sen prexuízo de que o tribunal poida facilitalos se fose necesario, sería conveniente que o leven as persoas aspirantes.

Salvo o bolígrafo, o documento de identificación e, no seu caso, a lexislación que en formato papel queira levarse, non se pode levar nin será necesario levar nada mais para a realización da proba.

CONSULTA nº 13:

«En relación co material lexislativo que podemos levar os aspirantes, pódese levar a normativa con anotacións referidas a concordancias, con remisión a outras normas, sen comentarios?».

RESPOSTA:

Non é posible. Aplica a mesma resposta dada á CONSULTA nº 10: cando na convocatoria se indica que «as persoas aspirantes poden levar o seu propio material lexislativo, sen comentar», isto inclúe que as normas que leven as persoas aspirantes en formato papel non poden conter ningún tipo de anotación.

CONSULTA nº 14:

«En relación coas instrucións para a realización da primeira proba, indícase que o dispositivo USB “conterá o documento en formato Word, previamente configurado para a realización do exame”. A expresión “previamente configurado”, refírese ao seu formato como plantilla do procesador de textos Word, isto é, tamaño e tipo de fonte, parágrafos, marxes, etc., ou se refire á estrutura do documento en función da tipoloxía requirida no exercicio, isto é, apartados, epígrafes, etc.?».

RESPOSTA:

Coa expresión «previamente configurado» quere dicirse que o procesador de textos irá previamente configurado con tipo de fonte, tamaño e cor, espazamento entre parágrafos, espazamento entre liñas, marxes, etc.



Proceso selectivo, convocado por resolución reitoral do 11 de maio de 2023 («DOG» núm. 102, do 31/05/2023) para o acceso á escala de xestión, subgrupo A2, pola quenda de promoción interna.

CONSULTA nº 15:

«Teremos un tempo previo, antes do inicio do exercicio, para consultar a normativa contida na carpeta?».

RESPOSTA:

Non. O acceso ao contido da carpeta só poderá realizarse dentro do tempo previsto para a realización do exercicio.

Data actualización: 07/02/2024.

CONSULTA nº 16:

«En relación co desenvolvemento do exame, gustaríame saber se teremos ou poderíamos ter dúas pantallas conectadas ao equipo para poder facer uso das leis ao mesmo tempo que redactamos o suposto do exame. Desa maneira podemos simular por completo o traballo que teremos que desenvolver na práctica real, no caso de que superemos a oposición».

RESPOSTA:

Para a realización do exercicio soamente será posible dispoñer dun monitor.

CONSULTA nº 17:

«Entendo que se se pode subliñar a lexislación que levamos en papel en fosforito, tamén se poderá subliñar en rotulador e poñer asteriscos nos parágrafos que entendamos que son máis importantes, sen engadir comentario algún».

RESPOSTA:

A lexislación pode subliñarse, en fosforito, rotulador, etc., pero non pode levar ningún tipo de comentario, nin anotación, nin referencia, nin marcaxe.

CONSULTA nº 18:

A lexislación en papel «pode ir subliñado en cores ou non? O comento porque en anteriores procesos permitiuse pero quero estar segura para poder levar o meu material correctamente».

RESPOSTA:

A lexislación pode ir subliñada en cores.

Data actualización: 08/02/2024.

CONSULTA nº 19:

«Pode levarse o programa da convocatoria?».

RESPOSTA:

Aplica o sinalado na resposta á CONSULTA nº 12, é dicir, salvo o bolígrafo, o documento de identificación e, no seu caso, a lexislación que en formato papel queira levarse, non se pode levar nin será necesario levar nada mais para a realización da proba.

O tribunal, xunto coa lexislación necesaria para a realización do exercicio tamén porá a disposición das persoas aspirantes a CONVOCATORIA, para que poidan consultar o Programa do Anexo II desta, sen prexuízo de que os epígrafes do bloque de coñecementos transversais tamén se recollen no documento “NORMATIVA. BLOQUE COÑECEMENTOS TRANSVERSAIS”, publicado o pasado 15 de febreiro, e que tamén se porá a disposición das persoas aspirantes.

CONSULTA nº 20:

«O exercicio pode realizarse no documento dispoñible no escritorio do equipo informático e finalizado o exame, poderá gardarse no documento do dispositivo USB? Ou ben, hai que gardar o exercicio no USB antes da finalización do exame?».

RESPOSTA:

En canto a si facer o exercicio directamente sobre o Word (que aparecerá identificado como «folia de exame») do USB ou o do equipo informático, aínda que pode facerse de xeito indistinto en calquera dos dous sitios, recoméndase traballar sobre o Word do equipo informático. Unha vez finalizado o seu exercicio, deberá gardalo en PDF no USB. Soamente poderá imprimirse se está gardado en formato PDF no USB.

E relación ao tempo para gardar o exercicio en formato PDF no USB, debe realizarse sempre dentro do tempo total concedido para a realización da proba, é dicir, dentro dos 150 minutos. Para estes efectos o tribunal irá informando do tempo dispoñible. Neste sentido, cómpre aclarar que cando nas instrucións publicadas o día 5 de febreiro se di que «Finalizado o tempo de realización do exercicio, os aspirantes deberán gardar a folia do exame en formato PDF e gardala no dispositivo USB (...)», o que quere dicirse é «Finalizado (...) o exercicio (...)», no sentido de «exame», non a proba, é dicir: finalizado por cada aspirante o seu exame, e sempre dentro do tempo concedido para a realización da proba (150 minutos), os aspirantes deberán gardar a folia do exame en formato PDF e gardala no dispositivo USB.



Proceso selectivo, convocado por resolución reitoral do 11 de maio de 2023 («DOG» núm. 102, do 31/05/2023) para o acceso á escala de xestión, subgrupo A2, pola quenda de promoción interna.

CONSULTA nº 21:

En relación coa 2ª PROBA DO 2º EXERCICIO, respecto das catro propostas formuladas polo tribunal «corresponderanse a cada un dos catro bloques específicos, e dicir, haberá un suposto por cada bloque do temario específico e poderase elixir dous ou pode haber supostos de bloques mesturados?».

RESPOSTA:

Cada unha das propostas formuladas polo tribunal centrarase fundamentalmente no contido dun dos bloques do temario específico. Sen prexuízo disto, e tal e como sinalan as bases, poderán incluírse cuestións relativas aos bloques de coñecementos transversais.

Data actualización: 16/05/2024.